

Galicia desaparecida

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O desaparecido cruceiro de Rubiás

Este cruceiro, que estaba ao pé da estrada Lugo-Vegadeo (Nacional 640), na parroquia de Rubiás, concello de Lugo (Lugo), xa non existe; ou, polo menos, non está onde estaba.

No ano 1987, cando realizabamos o inventario das cruces e cruceiros do concello de Lugo, xa fora apartado uns metros da súa ubicación orixinal por mor de ampliar a estrada, e hai uns anos (poñamos entre 2008 e 2010) desapareceu da nosa vista, sen que teñamos ningunha referencia de onde pode estar.

Como se pode comprobar na fotografía, que é do ano 1985 (velaí uns aínda mozos e ben fermosos **Fernando Arribas Arias** (centro), **Xoán R. Cuba Rodríguez** (dereita) e **Antonio Reigosa Carreiras**) (esquerda), era un cruceiro esvelto, con restos de policromía, datado, segundo inscrición no anverso do fuste, en 1887.

Segundo nos contaron entón dúas veciñas da mesma parroquia, o cruceiro fíxose con motivo de suceder naquel lugar unha desgraza. Foi que se presentou unha treboada e tres homes que había por alí fóronse gardar debaixo duns castiñeiros.

Dous deles, por arremedar o trono, dixeron: *Zocas de macira! Zocas de macira!*

E caeu un raio que os matou aos dous.

Só se salvaou o que non dixo nada, un tal José García.

Velaí un exemplo máis de como pode desaparecer a un tempo o patrimonio material e o inmaterial: unha fermosa obra artística e a memoria dun sucedido mítico.



BIBLIOGRAFÍA

F. ARRIBAS, ARIAS, X. CUBA RODRÍGUEZ e A. REIGOSA CARREIRAS, «Cruces, cruceiros e petos de ánimas do Municipio de Lugo (III)», en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, tomo IV, 1988/89, páx. 34 (papeleta nº 43).